

A aldea medieval de San Cosme

SORAYA DOMÍNGUEZ PORTELA E ALBERTO VALVERDE OTERO

INTRODUCCIÓN

Na parroquia de Baíña, nun descanso da Serra da Groba, atopamos unha aldea peculiar, quizais por apartada: San Cosme, a aldea medieval. As historias que nos contaron tendo como fondo este lugar e o espacio en si atraéronnos o suficiente para tentar procurar saber un pouco máis dela. Ese foi o noso obxectivo primeiro e será o que imos achegarlles a aqueles que decidan ler este artigo.

ALGO DE HISTORIA

Unha aclaración esixida que debemos facer, para salvagarda-las nosas costas, é que non somos historiadores e non pretendemos en ningún momento actuar como tal. Recorremos á historia porque nos pareceu necesario e interesante para o lector e para nós mesmos. Tres son os tipos de fontes coas que traballamos. En primeiro lugar, valémonos dalgunhas publicacións centradas na vida monacal do país. As referencias que atopamos no fondo do Arquivo Diocesano de Tui sobre a época e a zona que nos interesa foi a segunda vía escollida. A terceira foron os datos que se refiren á aldea atopados pola paleógrafa e amiga María del Carmen Pérez González na documentación conservada do mosteiro de Oia que ela está transcribindo dentro dun proxecto do ILG.

Pode que o lector se estea preguntando o porqué de todas estas referencias á vida monacal e aos mosteiros ou a Tui. A resposta está no feito, histórico, da existencia dun mosteiro na aldea. Cando se fundou non conseguimos saber. O que si parece é que este mosteiro de San Cosme se formou a través da agrupación de monxes que vivían retirados naqueles lugares pouco habitados. Ávila y La Cueva di que este foi fundado a principios do século XI, cando se reuniron na ermida de San Colmado uns ermitáns que foran para aló. Como curiosidade: un exemplo destes ascetas é o monxe alemán Famiano, quen no 1125 viñera dende Alemaña a visita-lo sepulcro apostólico e rematou nestas terras. En definitiva, era unha comunidade pequena e ascética.

Vicente Risco supón unha orixe anterior, xa que sitúa no ano 997 un saqueo do mosteiro por Almanzor. É interesante unha reflexión feita polo defunto párroco

de Oia, na que sostiña a presenza de monxes Calatraba neste lugar e que de seguro se enfrontarían ós árabes. Ora ben, nós non atopamos documentos escritos que constaten estes datos.

Dende a súa fundación a importancia do contorno no que se asentou o mosteiro mudou dalgún xeito co paso do tempo. Na época, ante as pésimas vías de comunicación terrestres, os ríos eran unha práctica canle de comunicación, coa que este mosteiro contaba ao ter ao seu dispor o río Vilaríño. Polo tanto contaba con ese medio de comunicación punteiro no momento. Ademais, como se abstrae do dito, na época as vías terrestres importantes eran escasas e moi determinadas. Unha delas pasaba por San Cosme. Fálase de que esta era unha das vías romanas –*Per Loca Romana*, que atravesaba a Groba e conectábaa con Tui–, mais é un dato non aceptado por todos. De tódolos xeitos, aí había unha camiño lousado, sexa cal for a súa orixe.

A importancia do asentamento non vén dada a penas polas comunicacións, senón que ten o engadido de estar nunha das zonas máis ricas, agricolamente falando, da zona. Baíña, parroquia á que actualmente pertence San Cosme, caracterízase pola pobreza das súas terras. Pola contra, San Cosme é das máis productivas, como xa explicaremos noutro punto do artigo. Isto é, estaban comunicados, alimentados e con posibilidade de extracción de riquezas.

A primeira referencia documentada desta comunidade dátase no 27 de xuño de 1137. Neste documento [A.H.N., Clero, Carpeta 1794, doc nº2] Afonso VII outorgou ao mosteiro de Oia o asentamento dos ermitáns que había en San Cosme e os de San Mamede de Loureza, xunto coas súas posesións. Temos pois que a primeira referencia dános a desaparición desta comunidade de ascetas. Sorprendeunos non atopar documentos anteriores á fusión, mais pode que se debera á referida natureza asceta da comunidade. A respecto da absorción só dicir que é un feito sen ningún particular xa que, na altura, era unha práctica moi común que comunidades máis fortes asimilaran as febles periféricas.

Para conseguir entende-la fusión parécenos interesante saber quen estaba en Oia. Hai discusión sobre os fundadores deste mosteiro da costa. As teorías son basicamente dúas. Unha fala dunha comunidade ascética non regulada que despois se anexionaría cos cister que chegaron ao mosteiro. Outros consideran os cister a comunidade que fundou o mosteiro de Oia. En ámbalas dúas teorías acabamos atopándonos cos cister. A escolla do lugar bravío e inhóspito débese, seguramente, tamén a dúas razóns: era esta unha congregación que procuraba o ascetismo pleno, estar fóra do *mundanal ruído*. ¿Que mellor espacio entón? Ademais acabaran de chegar e a súa influencia e importancia, nun primeiro momento, non era tan destacada, polo que tiveron que adecuarse máis ou menos ao que estaba ao seu dispor. Mais os cister aumentaron progresivamente a súa importancia, o que se confirmou coa absorción dos mosteiros periféricos e máis febles tempo despois.

Seguindo con San Cosme [ou San Colmado], faise evidente que ao redor do mosteiro tamén debeu haber un asentamento civil. Os datos que aparecen dentro da documentación de Oia da que puidemos dispor lévannos, como referencia máis antiga, a unha venda feita o 14 de setembro de 1306. Nese documento dúas das testemuñas da venda son *Domingo Nunes de San Colmado e Iohanes de San Colmado* [A.H.N., Clero, Carpeta 1815, doc. nº 22]. Remontámonos como mínimo aos inicios do século XIV. No 15 de agosto de 1357 dátase un documento en que o mos-

teiro de Oia lles afora a Afonso Pérez e á súa muller, entre outras propiedades, *os nossos casaes de San Colmado* [A.H.N., Clero, Carpeta 1833, doc. nº11]; e finalmente nun documento do 20 de xaneiro de 1394 *Johán de Sam Colmado* é un dos causantes de que Xoán Beítez e a súa muller peñoren ao mosteiro de Oia a devesa da Pedreira por 500 marabedís [A.H.N., Clero, Carpeta 1838, doc. nº5]. Son referencias a propiedades ou poboadores da aldea, isto é, alí vivía xente, mais a pregunta é dende cando. A iso xa é máis dificultoso responder.

Como xa se viu, a documentación que se atopou en que se fala da zona pertence a dous tempos: o monacal e o século XIV. Aparece San Cosme cando están alí os monxes (documento de 1137), mais debemos esperar douscentos anos para atopar novas referencias. A aldea actual –ou o que queda dela– está situada nunhas terras ricas mais bastante ariscas. En situación normal é moi probable que alí non houbera un asentamento humano, fóra do dese grupo de ascetas que procuraban, xustamente, viviren apartados. Mais chegou a explosión demográfica do século XIV: a poboación aumentou moito o seu número. Isto provocou a ocupación e aproveitamento de zonas ata o de entón desaproveitadas, como pode se-lo caso de San Cosme, pasando, daquela, a ser aldea. Pero como a primeira documentación en que aparece un poboador de San Cosme é de 1306, seguramente a ocupación deuse un pouco antes do século XIV.

Finalmente só queremos deixar constancia dunha lagoa que non conseguimos resolver: a data da baixada do culto de San Cosme á igrexa dedicada á Santa Liberata na vila de Baiona.

PERCORRIDO HUMANO POLA ALDEA

Aínda que todo o que presentamos no apartado anterior estea documentado, a verdade é que se hoxe van visitar esta aldea non atoparán ningún mosteiro nin ningunha ermida, e moito menos ermitáns, polo menos relixiosos. De acudiren á memoria histórica dos antigos habitantes –terán que buscalos en Baíña ou Baiona ou Baredo...– escoitarán referencias a unha perdida capela. Ata hai pouco afirmábase que o muro que lindaba coa pista de terra que bordea a aldea era a parede norte desta capela, mais ningún historiador ou arqueólogo poderá confirmalo xa que este muro foi derruído e as pedras non están alí. Esta é unha mostra máis do coidado que a administración deste país demostra pola nosa riqueza cultural, natural, económica... Mais centrémonos.

Non son só as pedras as perdidas, tampouco os santos desta igrexa non se sabe onde é que están. O anterior cura de Oia, xa falecido, confirmáranos que os santos da súa parroquia eran os de San Cosme, mais non temos ningún posicionamento *profesional* e quizais todo quede nun dos moitos datos lendarios que acariñan este outeiro frondoso. Un informante falara dunhas cabezas de santos que o seu pai vira enriba do forno da súa casa en San Cosme. ¿Eran estes os santos da capela? A pía bautismal tamén mudou de espacio e, posiblemente, de función: din que fai de comeideiro dos pitos nun galiñeiro dos Eidos. Na escavación levada a cabo, entre outros por Tamuxe, fotografouse unha pía bautismal que desapareceu despois. É posible que a do galiñeiro e esta sexan a mesma, ou poida que non. Tamén sabemos que a cruz do campanario da igrexa de Baredo pertencía á perdida ermida de San Cosme,

o que explicaría que durante moito tempo os mortos desta aldea se enterraran en Baredo e non en Baíña¹. Esta información sobre os enterramentos obtivémola dunha informante, polo que tampouco podemos asegurala con certeza. Os documentos do Arquivo diocesano non nos desvelaron nada con respecto a estas cuestións, e tódolos informantes confirmaron que os seus contemporáneos eran bautizados, casados e enterrados en Baíña, a onde tamén viñan a recibir escola.

Percibirían que máis arriba afirmamos, tallantemente, que non poderán atopar nativos de San Cosme en San Cosme, e é certo. Esta foi unha aldea que polos anos 60 do século XX comezou un atroz proceso de abandono. O último en baixar foi o Portugués, unha fonte de sabedoría toponímica, polos finais da década pasada. As razóns do despoboamento son as comúns a tódalas aldeas do país algo illadas: dureza da vida, falla de posibilidades, incomunicación...

Pareceunos interesante tentar saber cal era o medio de vida destas familias antes de abandona-la aldea. Os que aínda naceron alí ou traballaron estas terras faláronnos da riqueza agrícola do lugar. As colleitas eran de millo e pataca maioritariamente, amais dunha agricultura de supervivencia común coa do país. A gandería, alimentada no monte baldío, era outra fonte de riqueza, manténdose aínda hoxe os cabalos e as vacas bravas nestes montes. A práctica que máis nos chamou a atención foi o cultivo do mel. O número de colmeas, sitas no propio casal, era moi alto. Tódolos informantes fan fincapé neste costume do que aínda quedan cultivadores. Así, na Feira do Mel e das Noces de Baiona, no día de San Cosme e San Damián, pódese catar este mel.

Houbo, como xa dixemos, un devastador despoboamento, mais isto non quere dicir que hoxe sexa unha aldea ou asentamento pantasma. Estamos asistindo a un *repopoamento* parcial desta zona que tamén ten as explicacións ben consabidas: natureza, tranquilidade, descontaminación, beleza... Porque esta aldea representa un exemplo máis dun curioso fenómeno humano actual: o gusto polo regreso ás orixes. As casas foron vendidas a xentes de fóra e estas adecuáronas para convertelas nas súas vivendas de fin de semana. A sorte foi que a reconstrucción se fixo sen demasiadas barbaridades arquitectónicas, un milagre fortuíto xa que o nulo control da administración puido desembocar nun conxunto de chalés neo-modernistas ou en enormes pazos de granito rosa-porriño. Algunhas veces a sorte está do noso lado. Así, hoxe poderán pasear pola prima aldea de San Cosme e imaxinar, máis ou menos, como era aquilo hai tempo. Mais aínda quedan algunhas vivendas que están caendo. Ao seu redor din os oriúdos que se poden atopar pedras con marcas interesantes. Nós vimos algunha que outra cruz en linteis ou pedras caídas polo chan. Fica feita a chamada de atención a todos aqueles que queiran/poidan recollela.

Un pouco máis abaixo do casal atoparán unha fonte: a Fonte Santa. Esta é unha construción do 1752, segundo unha inscrición que ten na lousa ornamental: "La hiso de limosna D Bar/tholome Lossada año/1752". Ao redor desta fermosa fonte cae, formando fervenza no inverno, o río Vilariño. Todo isto colocado nunha frondosa fraga con todo tipo de árbores autóctonas. Recomendación: é moi fermoso un pequeno carballedal que hai á dereita chamado As Devesas (non confundir coa Devesa do Rei que está máis afastada do lugar).

¹ Véxase Martínez do Tamuxe, Xoán: "San Cosme de Bahiña: un poblado medieval en total abandono" en Tuy, Museo y Archivo histórico diocesano. Nº1. Tuy, 1975. Páxs. 49-53.

ALGO DE LENDA OU HISTORIA POPULAR

De un comezar a pescuda-lo lendario desta zona pode achar todo tipo de historias, sempre e cando a elección do informante sexa a adecuada. Nós tivémo-la sorte de poder falar cunha muller dunha boa memoria e dunha mellor facultade narrativa: é unha profesional contacontos. Aurelia, que ten unha especial predilección polo oculto, forneceu-nos informacións sobre que sitios non son moi recomendables a certas horas, mapas de tesouros e rituais das nosas festas pagás. Metámonos na sabedoría.

O culto á auga, e en especial ás fontes, é antiquísimo no noso país. Xa no século VI Martiño Dumense e Cesáreo Arlés afirmaban que os seus contemporáneos non crentes no deus verdadeiro facían sacrificios nas fontes, ás que lles outorgaban poderes máxicos. Nunha tentativa de cristianizar estes espazos imposibles de eliminar do culto popular, consagráronse a santos ou recibiron nomes píos, como é o caso da Fonte Santa en San Cosme. Relaciónanse con esta fonte diferentes rituais e poderes. A garda dun tesouro mouro é un dos seus encantos máis atraentes. Únese deste modo o culto ás augas coa carga lendaria do mouro en Galicia. Os tesouros desta zona son ricos e difíciles de conseguir, independentemente da natureza positiva ou negativa do escondedoiro. Imos contar agora a última tentativa –que se saiba– de conseguilo prezado botín.

Tres persoas, dous homes e unha muller, foron na busca do tesouro guiados por un libro. ¿Sería o *Ciprianillo*? Non se sabe. A cuestión é que ían na busca do tesouro da Fonte Santa: un coiro de camelo con ouro ou libras esterlinas que deixaron os mouros. Podemos advertir que estamos perante un caso orixinal de tesouro que mestura o mouro co *británico*, quizais pegada de piratas como Drake, invasor de Baiona.

Cada membro do grupo tiña unha función: o máis forte escarvaba, mentres o dono do libro lía e a muller alumeaba. Os dous últimos estarían dentro do circo de Salomón. Chegaron alí ás doce da noite e comezaron co proxectado. Todo foi ben ata que acadaron certo punto na escavación; entón xa non lles foi permitido continuar. Os alustros comezaron, xunto cun ruído infernal de carros que baixaban polo camiño, mais non vían carro ningún. O medo apoderouse deles e fuxiron. Unha vez máis o tesouro quedou no seu lugar.

Como xa dixemos, á Fonte Santa atribúenselle outras propiedades, amais do ouro que hai baixo dela. A súa auga é recoñecida como virtuosa, curativa. Por iso na medianoite de San Xoán é visitada por xente que recolle o seu licor para que os doentes da casa melloren. Outro rito levado a cabo nesta mesma noite e neste mesmo lugar é o baño dos nenos na fonte. Lembra unha informante como acudían mulleres, e mulleres de tódolos sitios cos seus fillos, supomos, co fin de fortalecelos. E, finalmente, indicar que a fonte ten dous canos e un está especialmente desgastado: fíxonolo notar unha das informantes, mais sen especificar porqué a xente se fregaba contra del.

Preto da Fonte Santa hai unha encrucillada de camiños; alí é común atopar pedras colocadas da máis grande á máis pequena, o que se acostuma facer para anula-lo poder máxico das encrucilladas. É interesante observar detidamente unhas pedras

2 O *Ciprianillo* na súa edición máis popular contén unha listaxe de 147 lugares con tesouro. Existe a posibilidade de seren a relación de tesouros feita en 1606 polo licenciado Pedro Vázquez de Orxas sobre as mámoas dos *gentiles gali-grecos*.

colocadas de forma non natural neste mesmo camiño, só conseguimos que nos confirmaran a artificialidade dos penedos pero non o seu significado ou finalidade.

Xa máis lonxe do que é a aldea está o Chan da Lagoa. Falamos del por ser outro dos espacios máxicos. Alí, segundo a lenda popular, pódese atopa-la Compañía ou o Tardo. A Compañía elixiu ese lugar por ser unha encrucillada de camiños na que, ao levaren os mortos de San Cosme a enterrar a Baredo, non lle rezaban o Pater Noster. A consecuencia é evidente: formaron un espacio non protexido. Con respecto ao Tardo ou Caghón, ser mítico común a toda Europa, a elección do lugar é máis arbitraria. Acostuma aparecer alí, mais outros lugares poden ser da súa elección como, por exemplo, a Pedra da Moura, sita cara a Baredo. As súas formas favoritas –é un ser polimórfico– son as dun animal ou un cristián defecando, de aí o segundo nome. Non é demasiado perigoso, xa que só quere facer rabia-la súa vítima: obríga a perseguir gando que cre que é del pero realmente é o tardo, fai o carro tan pesado que movelo sexa cousa imposible ou que se vexa un mesmo cabaieiro en varios sitios simultáneos. Cousas desagradables pero sen grande perigo. Como podemos ver, os vivos seguen sendo máis perigosos.

Finalmente témo-la pedra A Mouriña Encantada, onde o que se atopa é unha serpe que, como réptil que é, non procura amizade. Esta pedra próxima da Lagoa ten unhas coviñas, posibles petroglifos dos que os historiadores non conseguen revela-lo seu significado ou restos dun xogo de bolos que os informantes sitúan aquí. A incerteza aumenta o seu valor máxico.

DESPEDIDA

Xa anunciáramos de que este era un artigo pouco ambicioso, e non estamos empregando a *captatio benevolentiae*. Somos conscientes das limitacións, mais só procurabamos chama-la atención por un lugar do que nós gustamos especialmente. É fermoso e cheo de riqueza física e espiritual, coma tódolos nosos lugares. A penas hai que fixarse un pouco para poder ve-la beleza. O chamamento –xa sabemos que facemos moitos– queda feito. ¿Quere vostede recollelo?

BIBLIOGRAFÍA

- ÁVILA Y LA CUEVA: *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tui y su obispado*. 4 vol. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1995. Edc. facsimilar.
- FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA FRAGA, Salvador: *Historia da comarca do Val Miñor: (Baiona, Nigrán e Gondomar)*. Vigo, Asociación Galega para a Cultura e Ecoloxía, 1995.
- MARTÍNEZ DO TAMUXE, Xoán: "San Cosme de Bahiña: un poblado medieval en total abandono" en *Tuy, Museo y Archivo histórico diocesano*. Nº1. Tui, 1975.
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís: "Baña misteriosa" en *Faro de Vigo*. Vigo, 30-1-1998.
- MIRANDA, Xosé; Xoán R. CUBA; Antonio REIGOSA: *Diccionario dos seres míticos galegos*. Vigo, Xerais, 1999.
- RISCO, Vicente: *Manuel de historia de Galicia*. Vigo, Galaxia, 1976.
- SÁ BRAVO, Hipólito de: *El monacato en Galicia*. 2 vol. A Coruña, Librigal, 1972.